

No túnel do Tempo

Un narrador con oficio



ARMANDO REQUEIXO

Henrique Dacosta é xa un experimentado narrador con varios títulos no seu haber nestes últimos vinte anos. Velaí as novelas *Mar para todo o sempre* (1992), *Os desherdados* (2006) e *O prezo da tentación* (2008) ou o libro de relatos *Sobre comboios, janelas e outras pequenas historias* (1994), amén de destacadas colaboracións en volumes colectivos como *Muralla de Cresconio* (1989), *Longa lingua* (2002), *Seis ferroláns* (2003) ou os Premios Pedrón de Ouro. Certame de Narración Breve Modesto R. Figueiredo (2008).

Co retraso habitual co que todo funciona neste país, a finais do ano pasado vía luz en Edicións Laiovento *Unha mada de doce relatos*, libro de contos cos que o escritor ferrolán gañou vai agora para tres anos o Certame "Carvalho Calero" de Narración Curta, galardón ao que sen dúbida ten colli-da a medida, pois é esta a terceira ocasión na que o



acada. A obra, que figura inserida na colección de "Narrativa" da editorial amiense, conta cunha suxestiva ilustración de cuberta da pintora Aurichu Pereira que confire ao volume un innegable atractivo visual.

As historias que Dacosta ofrece aquí confirman como un narrador con oficio, que ten nas tramas de expresión realista a súa natural instalación. Relatos nos que o anecdóti-

co, o emotivo, o costumista e o sociohistórico se alternan, vernizando a lectura con tinturas sentimentais e descritivas de grande pulo.

O mundo da infancia e os seus episodios medoños, os calotes dos falabaratos circenses, os sucedidos de paisanos ou as circunstancias tráxicas que acompañaron as vidas dalgúns represaliados da Guerra Civil son outros tantos espazos temáticos visitados nestes contos, breves na maior parte dos casos, de algún maior alento noutros.

Quen se achegue a *Unha mada de doce relatos* ha sentir a estraña sensación de ter entrado nun túnel do tempo, pois a habelencia para o narrar realista, de visión omnisciente, progresión lineal das historias, labrado arquetípico de personaxes e fotografado do feirón social e as súas agar-dables relacións fan de Henrique Dacosta un digno representante dunha corrente de secular tradición na que se manexa con admirable solvencia.

DACOSTA, Henrique, Unha mada de doce relatos, Ed. Laiovento, Santiago, 2008, 74 páxinas.